

Concurso Xeral de Traslados

Unha nova sentenza do TSXG anula parcialmente a valoración dos servizos prestados como interino no apartado 1.1.2 do baremo

Unha nova sentenza do TSXG sobre o concurso de traslados do curso pasado ditamina que é improcedente valorar servizos prestados como interino no apartado 1.1.2 do baremo, aínda que si recoñece o dereito a que este tipo de servizos se teñan en conta no apartado 1.2.1 (servizos efectivos prestados en situación de servizo activo como persoal funcionario).

Esta sentenza, que é consecuencia dos recursos de apelación interpostos por colectivos de docentes contra a sentenza do tribunal contencioso-administrativo nº2 de Santiago que declaraba improcedente a valoración dos servizos prestados como funcionario interino nos apartados 1.1., 1.2 e 4 do anexo XIV da convocatoria do CXT, propicia unha situación contradictoria, pois establece un criterio diferente con respecto ás sentenzas previas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que si avalaban a baremación en todos os apartados.

Como é obvio, trátase dunha situación moi complexa derivada dunha mala xestión por parte da Consellería, sobre todo se temos en conta que aínda hai varios procesos pendentes de resolución no tribunal contencioso-administrativo nº 2 de Santiago.

Dende FETE-UGT instamos a que a Consellería solucione a cuestión ante o TSXG dun xeito áxil e eficaz, pois a duplicidade de criterio está a causar un profunda incerteza entre todos os docentes que participaron no CXT 2013-14.

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2015

FETE UGT GALICIA